



C.E.P. PLURILINGÜE
DE

RIOMAIOR



PROXECTO EDUCATIVO

Curso 2023-2024



Contido

1.INTRODUCCIÓN:	6
1. XUSTIFICACIÓN e BASE LEGAL	7
2. ONDE ESTAMOS?. ANÁLISE DO CONTEXTO:	9
2.1. ENCADRAMENTO E SITUACIÓN XEOGRÁFICA	9
2.2. A POBOACIÓN	11
3.3 CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO	13
2.3. CARACTERÍSTICAS INSTITUCIONAIS	14
2.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:	15
2.5. ASOCIACIÓN DE NAIS/PAIS	17
2.6. AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR “RIOMAIOR”:	18
2.7. INSTITUCIÓNS DO MUNICIPIO	18
2.8. OUTRAS INSTITUCIÓNS	19
2.9. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS	19
3. PROFESORADO	23
4. ALUMNADO	24
4.1. Características académicas:	25
5. CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL NON DOCENTE	26
6. DOTACIÓN ECONÓMICA	27
7. QUEN SOMOS?. IDENTIFICACIÓN DO CEP de RIOMAIOR:	27
7.1. Confesionalidade:	28
7.2. Lingua de aprendizaxe:	28
7.3. Liña metodolóxica:	28
7.4. Tarefas extraescolares	31
7.5. Valores e Transversalidade:	32
7.6. Coeducación	32
7.7. Atención á diversidade:	32
7.8. Tratamento das Competencias Clave:	33
7.9. Xestión institucional:	
7.10 Aspectos organizativos: Protocolos de actuación	
8. QUE PRETENDEMOS?. PRINCIPIOS e OBXECTIVOS XERAIS:	38
8.1. DE ÁMBITO CURRICULAR E INNOVACIÓN:	40



8.2. DE ÁMBITO DA PARTICIPACIÓN E DA INTEGRACIÓN:	42
8.3. DE ÁMBITO DA ORGANIZACIÓN E DA ADMINISTRACIÓN:	43
8.4. DE ÁMBITO DOS RECURSOS:	44
8.5. DE ÁMBITO DOS SERVIZOS:	45
9. COMO NOS ORGANIZAMOS?:	46
9.1. Órganos de Goberno e Participación:	46
9.2. Órganos de Coordinación Docente:	47
Composición	52
9.3. Persoal non docente:	52
9.4. Asociación de Nais/Pais de alumnos “RIOMAIOR”:	52
10. OUTROS ASPECTOS DE FUNCIONAMENTO	53
10.1. TRANSPORTE ESCOLAR:	53
10.2. COMEDOR ESCOLAR:	53
11. MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS	53
12. CALENDARIO E XORNADA ESCOLAR	54
13. ÁREAS OPCIONAIS:	55
14. EVCE	55
15. CULTURA AVALIATIVA:	55
16. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	61
17. DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.	61
18. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO:	62
19. ANEXOS BUS	



Este **PROXECTO EDUCATIVO** é o instrumento para a planificación e xestión do **CEP de RIOMAIOR**, con proxección de futuro, pensado a partir da análise da nosa comunidade escolar, que recolle a proposta integral para dirixir e orientar coherentemente os procesos de intervención educativa, enumerando as súas notas de identidade, formulando os obxectivos que pretende, expresando as estruturas de organización e funcionamento e as relacións entre os distintos sectores da nosa comunidade educativa.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:


TITULARIDADE: Consellería de Educación e OU da Xunta de Galicia

NIVEL EDUCATIVO: Educación Primaria.

UNIDADES: 6 de Ed. Primaria.

NÚMERO DE ALUMNOS e ALUMNAS: 105

NÚMERO DE PROFESORES/AS: 12



1.INTRODUCCIÓN:

Nos comezos do século XXI, ás institucións escolares pídesenos que ofrezamos unha educación capaz de responder ás cambiantes necesidades e ás demandas que formulan as sociedades actuais, na convicción de que dela dependen tanto o benestar individual como o colectivo.

Por outra banda, a educación escolar ten lugar no seo dunha organización e hoxe en día parece pouco cuestionable o feito de que todas as organizacións necesitan pautas ou, se o preferimos, un conxunto de guías de acción que sirvan para orientar de maneira coordinada e coherente as actuacións que desenvolvemos as persoas que formamos parte dela.

Na actualidade, sábese que o clima escolar, a dinámica de traballo do equipo de profesores, o papel do equipo directivo, os criterios metodolóxicos xerais utilizados para decidir o uso do tempo, do espazo, ... ou como se concibe e se desenvolve a participación dos distintos membros da comunidade educativa, é determinante na educación escolar, como tamén o son variables externas propias dos sistemas educativos: lexislación, políticas xerais, status do profesorado ou a tipoloxía e características propias de cada centro.

O Centro é, pois, a organización na que se desenvolve o traballo de profesoras e profesores, alumnas e alumnos e o lugar que debe servir de marco adecuado para crear un ambiente favorecedor dos procesos de ensinanza-aprendizaxe e só desde unha concepción xeral e global dese traballo, alén de cada aula considerada illadamente, posibilitará estímulos e oportunidades educativas suficientes e variadas.

É frecuente ver que no CEP de Riomaioir tratamos de reflexionar para identificar as conviccións compartidas e o alcance destas; para acordar e fixar os nosos propósitos, as nosas intencións comúns e as formas de organizar o traballo. En moitos casos, esta actividade é apoiada por outros membros da comunidade escolar (ANPA, Concello, ...) mediante a súa participación e as súas contribucións. Como consecuencia desa construción reflexiva, determínanse criterios comúns de carácter didáctico, organizativo e orientador, ou ben outros que corresponden á xestión administrativa ou de goberno do Centro. A miúdo,

eses acordos adoitan recollerse en instrumentos de traballo que non deixan de ser deseños que anticipan e orientan a acción, é dicir, proxectos.

Así, do convencemento de que a educación escolar é unha tarefa colectiva que debe realizarse de xeito congruente con todos os membros da comunidade escolar, xorde a necesidade de constituír un marco xeral de referencia que recolla a explicitación das nosas conviccións mediante uns principios reitores consensuados e a formulación dos nosos propósitos xerais relativos a todos os ámbitos de actuación no Centro, contextualizando e concretando a actividade educativa á diversidade social e cultural da contorna que nos fornece de alumnas e alumnos.

O **Proxecto Educativo** será, xa que logo, o marco legal de funcionamento do CEP de Riomañor e vai responder ás preguntas:

- **Onde estamos?** (*análise do contexto*)
- **Quen somos?** (*sinais de identidade*)
- **Que queremos?** (*obxectivos a conseguir*) e
- **Como nos imos organizar?** (*estrutura organizativa*)

1. XUSTIFICACIÓN e BASE LEGAL

Na [Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro \(LOMLOE\)](#) recoñece a *autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro*".

*"1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a **concreción dos currículos** establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas".*

*“2. Este proxecto, que deberá ter en conta as características do ámbito social e cultural do centro, recollerá a forma de **atención á diversidade** do alumnado e a **acción titorial**, así como o **plan de convivencia**, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación”.*

O nivel de autonomía institucional que, na actualidade, temos os centros educativos a nivel curricular, organizativo e de xestión levan a unha esixencia e á existencia dun Proxecto de Centro. Cando os centros educativos temos que tomar decisións sobre aspectos relacionados coa nosa organización e funcionamento que non veñen prescritos pola Administración, faise necesaria a creación e a elaboración dunha liña de Centro ou marco de referencia no que se establezan unhas metas e uns compromisos dos distintos estamentos da comunidade educativa a través dun funcionamento harmónico, co fin de asegurar a coherencia nos procesos educativos.

Partimos, xa que logo, da convicción de que os instrumentos programáticos, como o **Proxecto Educativo**, o **Regulamento de Organización e Funcionamento**, a **Programación Xeral Anual**, o **Plan de Convivencia**, o **Plan das TIC**, o **Plan Lector**, o **Plan de Atención á Diversidade**, ... sistematizan, vertebran e orientan a vida do Centro como institución, alén das persoas que poidan estar nun determinado momento pero, ademais e sobre todo, son a referencia que nos vai permitir lexitimar ou non as actuacións individuais e colectivas de todos os membros da comunidade escolar.

Por todas estas razóns e tamén polo compromiso que debe asumir esta institución de proporcionar unha educación de calidade, o CEP de Riomaioir elabora e desenvolve este **PROXECTO EDUCATIVO**

FUNDAMENTOS LEGAIS:

- [Constitución Española de 1978.](#)
- [Estatuto de Autonomía de Galicia. Lei 1/1981.](#)
- [Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación \(LOE\), modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro \(LOMLOE\)](#)
- [Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Colexios de Educación Primaria dependentes da Consellería de Educación e OU.](#)
- [Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos colexios de Educación Primaria.](#)
- [Decreto 105/2014 que establece o currículo de primaria](#)
- [Decreto 155/2022 do 15 de setembrro 2022 que establece o currículo de primaria LOMLOE](#)

- [Decreto 30/2007](#), sobre admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos.
- [Decreto 79/2010](#), do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia.
- [Decreto 229/2011](#), do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación](#)
- [Lei 7/2004, do 16 de xullo da igualdade de homes e mulleres](#)
- [Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro.](#)
- [Orden 2 de marzo de 2021](#), polo que se regula o dereito do alumnado a obxectividade de avaliación e establece o procedemento e reclamación
- [Orde 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro](#)
- [Orde do 25 de xaneiro do 2022 actualiza a normativa da avaliación](#)
- [Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro desenrola a lei do 30 de xuño de convivencia e participación](#)

2. ONDE ESTAMOS?. ANÁLISE DO CONTEXTO:

2.1. ENCADRAMENTO E SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O **CEP de RIOMAIOR** está situado na beira occidental da enseada de S. Simón, no fondo da Ría de Vigo, no lugar de Riomaior, pertencente á parroquia de Sta. Cristina de Cobres, no Concello de Vilaboa (Pontevedra) e radicado a carón da desembocadura do río Maior, de quen toma o nome.

A contorna na que nos atopamos presenta uns trazos xeomorfolóxicos compostos por praias (Deilán e Pousada), marismas, cantís e enseadas, nunha zona aberta, cun estado ambiental bastante alterado como consecuencia dos impactos ecolóxicos de diferente orixe, bañada polo fondo da Ría de Vigo e con vexetación de marismas, ripisilvas, matogueiras e praderías mergulladas que se estenden ata a mesma praia, ao longo dunha plataforma que vai desde o monte do Cabalo ata a Ponte de Rande.

Está encadrada no dominio climático oceánico húmido con tendencia árida, propio das Rías Baixas, con elevadas precipitacións concentradas no inverno, débil oscilación térmica e déficit hídrico no verán. A temperatura media anual rexistra valores superiores aos 14 ° C e as precipitacións medias anuais están por riba dos 1.600 l/m².

A comunicación cos núcleos de poboación máis próximos (Pontevedra, Vigo, Moaña, Cangas do Morrazo, ...) faise a través de viarios que atravesan o municipio de norte a sur (estrada nacional N-550, vía férrea A Coruña-Vigo, autoestrada do Atlántico AP-9 e a estrada nacional N-554, paralela á beira da Ría e actualmente en obras de mellora). Conta, ademais, o municipio con dous portos: o de S. Adrián de Cobres e o de Sta. Cristina de Cobres e un espigón no lugar de Os Caralletes.

Na infraestrutura de servizos podemos citar que a meirande parte dos núcleos de poboación teñen redes de abastecemento veciñal de auga. Existe rede de saneamento de augas residuais na meirande parte dos núcleos poboacionais situados preto da zona litoral e en construción as redes de conexión cos situados nas partes máis altas. O proxecto de saneamento integral do fondo da Ría de Vigo está executando a interconexión e ampliación das redes de saneamento existentes para recoller todos os residuos con destino ás EDAR, unha situada en Riomaioir e outra en Arcade.

O servizo de tratamento dos residuos sólidos é realizado pola empresa URBASER cunha frecuencia diaria de recollida no viario básico e en días alternos no resto do territorio.

No referente ás telecomunicacións, existe no municipio unha rede telefónica básica que fornece de servizo á franxa litoral do concello, pero algúns núcleos da zona alta dos montes de Domaio teñen dificultades para o acceso a servizos informáticos telefónicos aínda que dispoñen de cobertura a través de redes sen fíos.

Dos recursos municipais cos que conta o Concello, destacamos:


- Socioculturais e deportivos:** A uns 400 m. do colexio está a *Casa de Cultura de Riomaioir*, que centraliza os principais recursos socioculturais do municipio, entre eles un Auditorio con capacidade para 200 persoas e a Biblioteca Municipal; *locais sociais* en todas as parroquias e *dous pavillóns polideportivos cubertos* –un arrimado ao noso Centro- e outro no Toural.
- Sanitarios:** A oferta sanitaria comprende *dous Centros Médicos de Atención Primaria* –Riomaioir e Toural- e *dúas farmacias*.
- Sociais:** Oficina de Información Xuvenil (OMIX), Departamento de Servizos Sociais, de Emigración, Policía Local e oficina de Correos e Telégrafos.

2.2. A POBOACIÓN

- Desde o punto de vista **demográfico**, Vilaboa presenta una tendencia clara de crecemento progresivo aínda que de xeito moderado. Este crecemento ten unha evolución máis dinámica nas parroquias de Sto. Adrán e Sta. Cristina de Cobres, ao non ter influído o decrecemento da década dos oitenta e debido, tamén, a poboación de Vigo que instala aquí a súa nova residencia, paisaxística e ambientalmente lonxe da cidade olívica pero temporalmente preto a través da Ponte de Rande. Na actualidade, a poboación de Vilaboa achégase aos 6.000 habitantes, mantendo unha densidade de 155 hab/km².

Unha característica da zona é a existencia dun asociacionismo importante cara a manter arraigadas determinadas tradicións (Festa dos Maios, o Entroido, ...) ou o fomento de actividades relacionadas coa cultura e o deporte.

- Desde o punto de vista **socio-xeográfico**, non existen no concello núcleos propiamente urbanos xa que a súa configuración é rural e diseminada, aínda que algúns ofrecen aspectos relativamente urbanizados. As vivendas, maioritariamente unifamiliares de baixo e planta, son de boa calidade, pero presentan un grao de dispersión elevado respecto do Colexio, que fai necesario que o **88 %** do alumnado utilice o transporte escolar para vir á escola e, en moi poucos casos, están habitadas pola familia nuclear e na que tamén conviven outros familiares (avós, tíos, ...).
- A nivel **económico**, verificamos que Vilaboa foi avanzando dun modelo agrogandeiro, forestal e marisqueiro da década dos anos 30, a un modelo máis diversificado. A partir da entrada en servizo da Autoestrada do Atlántico (AP-9), o agro e o mar seguen a desenvolver un rol de actividade produtiva mixta pero cada vez máis como non principal, e os que se dedican a ela –por riba do 70 %- teñen outra como principal, ben sexa na industria, na construción ou no sector servizos, aínda que os ingresos destas actividades se xeren en empresas da área urbana de Pontevedra e/ou nas zonas industriais da área metropolitana de Vigo.




- Os habitantes das parroquias de Cobres –Sto. Adrán e Sta. Cristina-, de onde procede a práctica totalidade do noso alumnado, son maioritariamente traballadores por conta allea; entre eles, unha porcentaxe non pequena está empregada en industrias e comercios da zona, se ben a maioría traballa en Vigo e Pontevedra. Hai abundancia de pequenos establecementos comerciais (tendas de alimentación, bares, panaderías, ...) e negocios relacionados cos cultivos mariños (ostra, mexillón, ...). Así mesmo, un número imporante de mulleres dedícase temporalmente ao marisqueo e/ou á agricultura para autoabastecemento.

Tendo en conta estas consideracións e como estratexia didáctica para entender mellor a situación social do contexto que nos fornece de alumnos, no Centro distinguimos tres niveis socioeconómicos diferentes. Nun primeiro nivel agrupamos a unhas poucas familias de clase media ou media-alta, con pais/nais exercendo profesións liberais, maioritariamente empregados manuais cualificados/as. Os alumnos deste grupo teñen facilidades na casa para poder estudar e as expectativas dos pais tenden ás carreiras universitarias.

O segundo grupo, que aglutina á maioría dos alumnos/as, proceden dun nivel socioeconómico medio-baixo e, en xeral, as expectativas de moitos son rematar a ESO e integrarse no mundo do traballo. Ultimamente cada vez son máis os que seguen no Bacharelato ou acceden á Formación Profesional de Grao Medio buscando unha cualificación profesional que lles posibilite a inserción laboral.

O terceiro grupo existente correspóndese con alumnado procedente de familias con situacións socioeconómicas desfavorecidas ou desestruturadas.

- En xeral, a **formación cultural** das familias presenta un nivel predominante de estudos básicos, ás veces incompletos (*certificado estudos primarios ou graduado escolar, 51 % -Nivel 2-*), seguidos polos que teñen un nivel medio (*FP I e FP II, 24 % -Nivel 3-*) e unha pequena parte pertence aos que teñen estudos superiores (*universitarios ou outros, 7,5 % -Nivel 4-*) e un **2,5 % - Nivel 1-** que á penas sabe ler e escribir.



A maioría manifesta unha boa predisposición e sentirse moi satisfeita coas propostas que se formulan desde o Centro e se involucra de forma significativa nelas.

Xaora, e sen esquecerse desa crecente progresión socio-cultural, o contexto no que está a desenvolver a súa acción educativa o CEP de RIOMAIOR é o dunha clase social media/media-baixa, cunha concepción da escola na que paseniño vai aparecendo a convicción do seu carácter educativo, ademais do asistencial, pero aínda lonxe da filosofía que debe presidir a relación familia-escola.

3.3 CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO

Os habitantes maiores de 25 anos, é dicir, os pais e avós das nosas alumnas e alumnos, están instalados de forma moi maioritaria no galego como lingua vehicular. Deles, unha porcentaxe cada vez maior non llelo transmite aos seus fillos.

Tomando como referencia este elevado nivel de galeguización da comarca e sen esquecer a caída porcentual na súa transmisión interxeracional, podemos dicir que

no alumnado do CEP Plurilingüe de Riomaioir obsérvase un nivel medio de galeguización, pero ao mesmo tempo, é visible unha caída no seu uso habitual nas promocións máis novas.

O Centro mantén unha clara vocación favorecedora da normalización da comunidade escolar na expresión en galego. En consonancia con este principio, toda a documentación existente ten soporte galego e a comunicación escrita e oral interna e externa faise sempre nesta lingua.

2.3. CARACTERÍSTICAS INSTITUCIONAIS

- ❑ O Centro denomínase **COLEXIO de EDUCACIÓN PRIMARIA PLURILINGÜE de RIOMAIOR**. É de carácter público e a súa titularidade osténtaa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A súa construción data do ano 1982 e foi ampliado en 1987. O código do Centro é 36016991 e o seu NIF Q8655199A.

Como CEP que é, escolariza a **105 alumnas e alumnos de Educación Primaria** para un total de 6 unidades. Está adscrito ao CPI do Toural e ten como centro adscrito ao CRA de Vilaboa, e máis concretamente as Escolas de Educación Infantil de Barciela e Pousada.

- ❑ O CEP de Riomaioir funciona en réxime de **xornada lectiva en sesión única de mañá**, aprobada no ano 1989 pola Resolución do 8 de xullo de 1988 e considerada definitiva pola Orde do 29 de maio de 2008. O horario xeral do Centro establécese de **LUNS a VENRES, de 8:15 a 14:00 h.**, desenvolvéndose as actividades lectivas de 08:45 a 13:45 h. O tempo de **RECREO** é de trinta minutos. Das **CINCO** horas de dedicación directa do profesorado ao Centro que non corresponden a tarefas lectivas:

1. **TRES** horas dedícanse a:

- a) De 16:00 a 17:00 h., reunións xerais .
- b) De 17:00 a 18:00 h. ás reunións, no seu caso, dos Equipos de Ciclo, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo da Biblioteca Escolar, Equipo TIC, Comisión de Coordinación Pedagóxica e ao Proxecto de Formación Permanente.

- c) De 18:00a 19:00 Titorías con pais /nais
- d) Estas tres horas realizaranse os MARTES, de acordo co establecido no proxecto pedagógico-didáctico preceptivo para o desenvolvemento da xornada lectiva en sesión única de mañá implantada no Centro.
- 2) As **DÚAS** restantes, que terán un horario fixo descontinuo en función das necesidades organizativas do Centro, destinaranse a:
- a) Reunións de Claustro.
 - b) Reunións do Consello Escolar.
 - c) Comisión de Convivencia.
 - d) Xuntas de Avaliación.
 - e) Reunións para a elaboración e/ou modificación de documentos de planificación.
 - f) Atención ás actividades complementarias da tarde

2.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

O Centro oferta os seguintes servizos complementarios:

- **Transporte Escolar (Anexo Líneas)**

As nenas e nenos do CEP de Riomaioir deben utilizar o **transporte escolar** e, como quedou dito, fano nunha porcentaxe do 88 %.

A hora de chegada ao Centro é as 08:30, pero chega ás 08:20, polo que as gardas de transporte comezan ás 08:15

Está estruturado en **TRES** radios, que se corresponden coas seguintes paradas:

1. Liña 1: *Igrexa Sta. Cristina-Magarella-A Rúa-Vilar.*
2. Liña 2: *Pousada-O Riveiro-O Bodegón-Santradán.*
3. Liña 3: *Nores-Pazos-A Cardaña.*

- **Comedor Escolar:**

O servizo de **comedor** entendémolo como os servizos de xantar e de atención ao alumnado nos períodos de lecer anterior e posterior, nos cales se fomentan programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

Está xestionado e organizado pola ANPA mediante contratación cunha empresa do sector hostaleiro, adxudicataria do servizo pola modalidade de **catering**. Na actualidade, é utilizado por **20** usuarios, é dicir, o 17 % do alumnado.

- **Orientación Educativa:**

Entendemos a **Orientación Educativa** como un proceso que ten por obxecto **axudar ao alumnado** ao longo da súa traxectoria escolar coa finalidade de capacitalo para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade ao longo de toda a súa vida, e á **implicación** e ao **asesoramento** dos pais e do resto dos axentes da comunidade educativa.

- **Actividades Complementarias e Extraescolares:**

Para optimizar o desenvolvemento do currículo da Ed. Primaria, o Centro ten definido un programa de Actividades Complementarias e Extraescolares coas que se pretende promover no alumnado a educación medio-ambiental, a correcta cultura do ocio, o fomento da creatividade, da convivencia e, en xeral, o tratamento da educación en valores nas diferentes áreas que lle permita xulgar criticamente a realidade e intervir nela para transformala e melloralala.

Teñen un carácter transversal, tanto no espazo como no tempo.

* As **Actividades Complementarias** que se ofertan son de catro tipos: unhas refírense a **tradicións populares da contorna**, que nos propoñemos revitalizar e perpetuar levando á conciencia dos escolares a importancia de conservar todos os elementos que conforman a cultura propia. Están contempladas no Proxecto Lingüístico do Centro, coa

Semana Cultural como referente significativo, no Plan Anual de Lectura ou no Proxecto de dinamización do galego; outras son as **Conmemoracións Institucionais** -*Día da Biblioteca, Día dos Dereitos Humanos, a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, Día da Paz, Día Internacional da Muller, Día do Libro, Día de Europa, Día Mundial do Medio Ambiente, etc.* as terceiras son **interculturais** de coñecemento de outras culturas como Halloween, St. Patric, Easter, , Thanksgiving day, e-twinning de apertura europea e a cuarta as **visitas e saídas escolares**, que serven para darlle contido a algunhas das encadradas nos grupos anteriores. Os alumnos de 6º como tarefa final do proxecto das empresas viaxarán a Dublín para o que será requisito imprescindible amosar un bo comportamento durante o curso*.

*Como **Actividades Extraescolares**, o Centro oferta as seguintes:

- As da xornada da tarde, organizadas pola ANPA en coordinación co Claustro e mailo Concello de Vilaboa, como, **Patinaxe, Taekwondo, Cocina, multideporte, triking, Educación Artística, patinaxe e balonmán**. Estas actividades desenvólvense anualmente entre os meses de setembro e xuño, durante 2 horas semanais, nas tardes de **luns a venres** e en horario de **15:30 a 17:30** horas, e son impartidas por monitores con formación específica.
- O servizo de **biblioteca** que ademais de abrir todos os recreos permanece aberta os luns e mércores de **15:30 a 17:30**, tanto para os alumnos como para o servizo de préstamo das familias.
- As promovidas pola Dirección Xeral para o Deporte no programa “**Deporte na escola**”, mailo **CROSS de RIOMAIOR**, no que participa na súa organización e desenvolvemento toda a comunidade educativa.

2.5. ASOCIACIÓN DE NAIS/PAIS

No CEP de RIOMAIOR existe unha **Asociación de Nais/Pais** formalmente constituída, cunha organización que se desenvolve a través dunha Xunta Directiva elixida entre os seus membros.

As relacións co Centro son fluídas e de cooperación efectiva, co obxectivo de asegurar a coherencia das actuacións que compartimos.

A **ANPA**, ademais das actividades propias establecidas nos seus estatutos, responsabilízase da organización e desenvolvemento das **actividades extraescolares da tarde**; xestiona o **comedor escolar**, achega determinados **recursos materiais** e/ou **económicos** (material audiovisual e informático, papel, material deportivo, ...) e colabora no apoio ás **saídas educativas** e na organización de determinadas **actividades complementarias e extraescolares** (Nadal, Entroido, Deporte en Idade Escolar, Semana Cultural, Cross de Riomaioir, Voz Natura, ...).

Está integrada na Federación Provincial de ANPAS de Centros Públicos de Pontevedra, FANPA, federada en [CONFAPA](#) e [CEAPA](#) e defende a escola pública como unha comunidade educativa laica, democrática, participativa e de calidade.

2.6. AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR “RIOMAIOR”:

A **Agrupación Deportiva Escolar “Riomaioir”** foi creada no ámbito do Centro co obxecto de fomentar e desenvolver a actividade deportiva na idade escolar.

Como Asociación sen ánimo de lucro, no ano 2006 foi aprobada unha modificación dos estatutos polos que se rexe, co obxecto de adaptalos á Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia.

Esta foi actualizada en 2019.

2.7. INSTITUCIÓNS DO MUNICIPIO

As relacións con outras institucións da nosa contorna adoitan ser de diversa índole, procurando que todas elas sexan o máis enriquecedoras posibles para ambas as partes. Deste xeito, establecemos liñas de relación:

1. Co **Concello de Vilaboa** mantemos relacións fluídas e compartimos proxectos nun clima de eficacia e satisfacción. O Concello, independentemente das responsabilidades que lle son propias, pon a disposición do Centro as instalacións do Pavillón Polideportivo e, cando é necesario, as da Casa de Cultura de Riomaioir. Subvenciona o comedor escolar así como determinadas actividades extraescolares e promove, desde a Concellería de Educación, Cultura e Deporte, en

coordinación coa ANPA e o Claustro de Profesores, a relación entre a programación do Centro e a contorna socio-cultural de Vilaboa, impulsando outras: *Vilaverán, Exposicións, Videoteca, Escola de Pais, Actividades de dinamización lectora, deportiva ou medioambiental, ...*

2. Co **Colexio Público Integrado do TOURAL** e co **Colexio Rural Agrupado de Vilaboa** temos establecidas estruturas de coordinación e comunicación co obxectivo de que se produza un “continuum” no deseño curricular dos nosos centros que facilite o grao de integración dos alumnos e alumnas nos casos do cambio de etapa educativa.
3. Coa **Agrupación Cultural “O Barqueiro”**, coa **Agrupación Bailaboa, Connorsa**, co **Club Náutico de Cobres** e coas **Comunidades de Montes de Sta. Cristina** e **Sto. Adrán**, mantemos relacións de colaboración no ámbito da organización e desenvolvemento puntual de determinadas actividades de carácter lúdico e medioambiental programadas desde o Centro.

2.8. OUTRAS INSTITUCIÓNS

A **Deputación Provincial de Pontevedra**, o **Concello de Pontevedra**, o **Museo de Pontevedra**, a **Xefatura Provincial de Tráfico, Afundación, Banco, Diario de Pontevedra, Faro de Vigo, a Voz de Galicia**, a **Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre**, a **Fundación Vicente Ferrer**, **Dirección Xeral de Tráfico, Garda Civil, Cruz Vermella** e outras, manteñen ámbitos de colaboración co Centro ben a través de actuacións didácticas ou de recursos materiais.

2.9. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS

O recinto sobre o que se asenta o Colexio é un terreo gañado ao mar. Presenta unha forma irregular e ten tres portas metálicas de acceso pola súa cara Oeste. Como puntos débiles podemos considerar o reducido espazo da Aula de Usos Múltiples así como os accesos ao Centro desde a N-554. Son estreitos e xeran pequenos conflitos no ámbito do transporte escolar.

O edificio, de baixo e planta, dispón das seguintes dependencias, amplas, de áxil acceso e con boa iluminación.

- Na **PLANTA BAIXA**
 - Un **VESTÍBULO**, empregado fundamentalmente para a entrada e saída do alumnado, as súas familias e outras persoas.

- BIBLIOTECA: Para as funcións específicas da Biblioteca Escolar.
 - SALA DE USOS MÚLTIPLES: Utilízase para a realización de actividades de “gran grupo”, reunións xerais de nais/pais, festivais, conferencias, ...
 - SALA DE MESTRES: Serve de lugar de traballo persoal, Claustros, sesións do Consello Escolar, actividades de formación do profesorado,...
 - DIRECCIÓN: Labores de Dirección.
 - XEFATURA DE ESTUDOS: Labores de Xefatura de Estudos.
 - SECRETARÍA: Labores de Secretaría.
 - SALA DE REPROGRAFÍA: Utilizada para funcións de reprografía, impresión, traballo persoal do profesorado, ...
 - ASEO PROFESORADO.
 - 2 ASEOS ALUMNOS e ALUMNAS e 1 ASEO MINUSVÁLIDOS.
 - ALMACÉNS: Son tres pequenos habitáculos para material didáctico, funxible, material en desuso e material de limpeza.
 - 2 AULAS ORDINARIAS: Utilizadas prioritariamente polo 1º Ciclo.
 - RADIO ESCOLAR
 - AULA adaptada para o servizo de COMEDOR ESCOLAR.
 - Aula de benestar
- ☐ Na **PLANTA PRIMEIRA** están radicadas:
- AULA DE INGLÉS.
 - AULA DE MÚSICA.
 - AULA DE INFORMÁTICA.
 - AULA DE PLÁSTICA.
 - AULA DE RELIXIÓN.
 - DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
 - AULA de APOIO: Atención ao alumando con necesidades específicas de apoio educativo (PT e AL).
 - ASEO PROFESORADO.
 - 2 ASEOS ALUMNOS e ALUMNAS.
 - ALMACÉN. Gárdase nel material didáctico, funxible e non funxible.
 - 4 AULAS ORDINARIAS: Utilizadas polo 2º e 3º Ciclos.
- ☐ **Outras instalacións:**
- No exterior do edificio principal, na súa cara Leste e a carón del, érguese un patio cuberto, aberto a dúas caras e dotado con aseos, que

se utiliza para dar abeiro ao alumnado antes da súa entrada no Centro. A partir del, ábrese un espazo amplo utilizado como **patio escolar**, pechado cun valado perimetral aramado na súa totalidade e dotado cunha pista polideportiva e outros elementos de xogo. Limitando con el e na cara Norte do edificio, radícase un espazo habilitado para aparcadoiro dos vehículos do persoal do Centro.

Arrimado ao edificio principal e pola súa cara Sur, érguese o **Pavillón Polideportivo de Riomañor**, de titularidade municipal, a disposición do Centro no horario lectivo e no das actividades extraescolares.

☐ **Mobiliario, material curricular e outros recursos:**

O Centro dispón dunha dotación adecuada de material curricular e mobiliario que, na súa maioría, presenta un bo estado de conservación.

No que atinxe aos materiais curriculares utilizados na nosa escola como variable metodolóxica, procuramos elaborar ou adquirir os que se adecúen ás necesidades de aprendizaxe segundo a tipoloxía específica de cada contido.

A súa relación aparece no inventario do Centro. Todo o material de uso común no Colexio, ten unha radicación determinada e adecuada, coa responsabilidade de cada Equipo Educativo (Biblioteca,, Novas Tecnoloxías, Música, Inglés, Ed. Física, EDLG, Equipo Actividades, ...) da súa orde e coidado e da temporalización do seu uso, atendendo a criterios de rendibilidade, eficacia, progresividade no tratamento dos contidos, etc.

MATERIAL INFORMÁTICO e AUDIOVISUAL: Está radicado nos espazos administrativos do Centro, nas Aulas ordinarias e na Aula de Informática onde dispón dun espazo amplo e adecuado ás necesidades do Centro. Utilízase na aplicación das TIC á actividade escolar así como nas actividades extraescolares de Informática para alumnos/as e Pais/Nais. Cada aula ordinaria está dotada cun canón proxector, pantalla e un PC portátil para o seu uso didáctico. O Centro dispón, ademais, de 2 EDI, cámara de vídeo, cámara de fotos dixital, 2 fotocopiadoras, 8 impresoras, equipo de son, ... e conexión á Internet (rede LAN e WI-FI). Tres aulas están dixitalizadas

***MATERIAL de EXPRESIÓN PLÁSTICA:** O profesorado da Lingua Inglesa, implicado no desenvolvemento do proxecto plurilingüe, coa colaboración do

Equipo docente, é o responsable de velar polo mantemento, ordenación e adquisición deste material. O Colexio dispón dunha Aula específica ampla e con auga corrente.

***MATERIAL de MÚSICA:** Está ordenado nunha Aula específica na que se desenvolven as clases de Ed. Musical. A profesora de Música é a responsable da súa organización e do uso e control do material existente na mesma. Dispón dun PC portátil para o seu uso específico.

*** MATERIAL de INGLÉS:** Algún deseñado e elaborado polo profesorado e outro aportado polo Centro ou a ANPA, ten a súa radicación na Aula de Inglés e do seu uso e mantemento responsabilízase o profesorado especialista. Dispón dun PC portátil para o seu uso específico.

MATERIAL de EDUCACIÓN FÍSICA: As clases de Ed. Física desenvólvense na Pavillón Polideportivo de Riomaioir, anexo ao Centro. O material de que se dispón foi fornecido polo propio Centro, a Consellería de Educación, a ANPA e o Concello, de quen depende o seu mantemento.

MATERIAL de BIBLIOTECA: Radicado na Biblioteca, nas aulas e noutras dependencias do Centro. O Equipo responsable establece os criterios e sistematiza o uso e control deste material. Así mesmo, este Equipo é o responsable de ordenar e canalizar outro material en soporte papel (revistas científicas, profesionais ou infantís, libros de consulta, ...) así como da xestión da Biblioteca a través do **Programa Meiga**. Dispón, ademais, dun equipo de música, 3 PC para uso do alumnado, impresora, pantalla e canón proxector.

MATERIAL ESPECÍFICO de ATENCIÓN á DIVERSIDADE: Tanto o material existente (en soporte papel –funxible e non funxible- así como noutros soportes) como o que se vaia deseñando e/ou adquirindo polo Departamento de Orientación está radicado no Departamento de Orientación e na Aula de Apoio e da súa ordenación responsabilízanse a Xefa do Departamento e as Profesoras de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe. Dispón dun PC de sobremesa e impresora para o seu uso específico.

MATERIAL DE MATEMÁTICAS: ubicado no cuarto do fondo do corredor da primeira planta ao lado da aula de 6º

AULA DE USOS MÚLTIPLES: Utilízase para as actividades en Gran Grupo, así como para reunións, conferencias, proxeccións, cursos, conmemoracións, ... Está dotada coa infraestrutura necesaria de audio e vídeo a través duna pantalla con canón proxector.

AULA DE REPROGRAFÍA: O servizo de reprografía estará reservado a un uso didáctico por parte do profesorado do Centro no que debe prevalecer o respecto á propiedade intelectual e ao medio ambiente.

AULA DE POLOS CREATIVOS DE MATERIAIS BRANDOS

AULA DE POLOS CREATIVOS DE COSTURA

AULA DE POLOS CREATIVOS E MATERIAL TIC

ESPAZOS ADMINISTRATIVOS: O Centro dispón de espazos de **Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría, Orientación e Sala do Profesorado** para o exercicio das súas funcións específicas, dotados con PC de sobremesa e impresora.

Na Secretaría está o **teléfono fixo** do Centro mailo **fax**, que son utilizados unicamente para a comunicación relacionada con actividades propias do CEP de Riomaioir. O Centro dispón, ademais, doutra liña telefónica para o uso exclusivo do Departamento de Orientación.

3. PROFESORADO

O **Claustro de Profesores** actual está formado por **12 profesoras e profesores**, a maioría con ampla experiencia profesional, alta motivación, formación específica e permanente, implicados co Proxecto Educativo do Centro e cun prestixio persoal gañado ante o alumnado e as súas familias, recoñecido por eles e sustentado en posicións de razón e coherencia.

Como persoas, temos diferenzas individuais no plano das habilidades, intereses ou experiencias, pero profesionalmente é obrigado destacar o alto nivel de implicación e responsabilidade no traballo, que se apoia nunha gran calidade humana do grupo.

Todo o equipo docente manifesta atoparse a gusto no Centro e interesado no seu desenvolvemento profesional, como se reflicte na porcentaxe de participación nos diferentes proxectos de formación desenvolvidos no Centro e fóra del nos últimos anos.

O clima de traballo entre o profesorado é dunha interrelación moi cordial, ás veces con formación e formulacións pedagóxicas diferentes pero sen tensións micropolíticas e cunha actitude aberta, de respecto, participación e colaboración que axuda a superar as dificultades e diferenzas que puidesen existir.

No que respecta aos postos de traballo, distribuídos como segue:

- Unha profesora de **PT**.
- Un mestre de **Lingua Inglesa**.
- Un profesor de **Ed. Física**.
- Unha profesora de **Música**.
- Unha profesora de **Relixión Católica** que imparte esta Área en todos os niveis (compartida co CPI Manuel Padín Truiteiro, de Arcade).
- Cinco **titores de Ed. Primaria** para os tres ciclos.
- A Xefa do **Departamento de Orientación**

As decisións sobre a adscrición do profesorado ou sobre a organización e funcionamento dos equipos docentes, reflíctense no **ROC** anexo

4. ALUMNADO

↪ Características socio-familiares:

Unha gran heteroxeneidade é a característica principal do noso alumnado, nun contexto que mantén estreitos lazos sociais co Centro, favorecedores do labor de comunicación e participación activa de alumnado e familias na vida escolar.

As parroquias de Sta. Cristina e Sto. Adrán de Cobres son as que, maioritariamente, nos fornecen de alumnos e alumnas:

- Da parroquia de Sta Cristina, que comprende os lugares de AREIROS, BARCIELA, AS CERNADAS, O COSTAL, A CARBALLEIRA, MAGARELLA, MANGOEIRO, O MUIÑO, O OUTEIRO, PARADELLAS, RIOMAIOR, A ROTEA, SEIXAS, VILAR e LARACHE, procede o 40 % do alumnado.
- Da parroquia de Sto. Adrán, que comprende os lugares de A CARDIÑA, CURRA, NORES, PAZOS, POUSADA, SANTRADÁN, SOBREIRA e UVEIRAS, procede o 58 %.
- O 2% restante procede doutras parroquias de Vilaboa.

A proporción entre nenas e nenos é bastante equilibrada –o cociente actual sitúase no 96 %-.

A maioría (máis do 90 %) dispón dun lugar adecuado para o estudo na súa casa, equipado adecuadamente, aínda que case a metade o teña que compartir, sobre todo con irmáns.

Máis do 80 % fai algún tipo de exercicio físico diario e case a totalidade afirman durmir as horas necesarias, ... Pero no tocante a hábitos de estudo, son menos da metade (entre os maiores) os que afirman estudar diariamente de maneira sistemática.

4.1. Características académicas:

Resultados académicos

Os resultados académicos ata o de agora son moi satisfactorios, promocionando con avaliación positiva un 98% do alumnado do Centro. O éxito é debido a gran preparación do profesorado, a participación dos pais/nais na educación do alumnado e colaboración da Orientadora, profesora de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).



En xeral, os alumnos/as do CEP de Riomaioir responden aos estereotipos sinalados para os tres grupos sociais indicados con anterioridade. Non presentan problemas importantes de integración nin de absentismo escolar e os que teñen máis dificultades de aprendizaxe están relacionados con problemas de estabilidade familiar que xeran carencias afectivas e de estímulos ambientais nos nenos. Xa que logo, presentan distintos niveis de capacidade, ritmos e estilos de aprendizaxe, xunto con diferentes graos de madurez, motivación e autonomía no traballo.

Nos últimos anos, a media dos que acadan unha avaliación positiva en todas as Áreas sitúase no **98%** e dos que non promocionan nun **0,86 %**. A nivel grupal, amósanse creativos, participativos e con gañas de aprender.



Características persoais:

Desde o punto de vista persoal e a través da observación, constatamos neles os seguintes indicadores:

- A práctica totalidade do noso alumnado comeza a súa escolaridade aos 3 anos de idade.*
- No tempo de lecer os seus intereses oriéntase cara ao deporte e o xogo compartido, coa afirmación de que no fogar ven moito a televisión e, nalgúns casos, sen ningún tipo de control horario nin de programación.*
- Valoran a amizade, as relacións afectivas, a xustiza e a consecución de bos resultados escolares.*
- Con respecto á expresión verbal, apreciamos moitos casos con notables carencias no uso dun vocabulario correcto, estruturación das frases, fluidez verbal, ...*
- Pouca implicación dalgúns pais no proceso educativo.*
- Os mellores resultados escolares atópanse naqueles alumnos/as que posúen un ámbito familiar co hábito da lectura.*
- Na contorna social e desde o punto de vista do autoconcepto, están preocupados polas valoracións dos outros e as comparacións sociais.*
- Constatamos un forte sentimento de pertenza á comunidade ou grupo social determinado e participan activamente nas actividades de carácter expresivo e cooperativo que supoñan unha interrelación entre eles.*
- Aproximadamente un 8 % presenta necesidades educativas especiais transitorias de privación socioeducativa, alteracións da percepción, dificultades lectoescritoras, alteracións da conduta, dificultades de atención e hiperactividade, etc.*
- Outro 1 % é alumnado inmigrante, que non presenta dificultades de integración.*
- No que respecta aos hábitos de estudo, son menos da metade (entre os maiores) os que afirman estudar diariamente de maneira sistemática.*
- En xeral, o alumnado opina que o Centro é un lugar agradable no que se senten queridos e respectados.*

5. CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente do Centro está composto por un **auxiliar de conversa (inglés)**, un **conserxe**, dous **empregados para as tarefas de**

limpeza, monitores para as **actividades extraescolares da tarde**, **1 ATE** e **unha** persoa como **persoal de atención ao comedor escolar**. Tanto o conserxe como o persoal de limpeza teñen a consideración de persoal laboral temporal e administrativamente dependen do Concello de Vilaboa. Manifestan eficacia no seu traballo xunto cunha actitude de colaboración, respecto e consideración tanto co profesorado como co alumnado e familias.

6. DOTACIÓN ECONÓMICA

↳ ORZAMENTOS:

O CEP de Riomaioir réxese polo principio de autonomía na xestión económica dos seus recursos, no marco establecido na normativa vixente, podendo obter recursos complementarios que se aplicarán aos gastos de funcionamento, así como achegas voluntarias das nais/pais de alumnos ou doutras institucións.

Na actualidade, os recursos económicos recibidos da Consellería de Educación e OU para atender as necesidades do Centro e desenvolver os proxectos nos que estamos mergullados, sitúanse en **125 €** por alumno e ano. A participación do Centro noutros proxectos (Mellora da Biblioteca Escolar, Dinamización Lingüística, Contratos Programa, Plan Proxecta), así como as achegas da ANPA, permítenos xestionar un orzamento maior pero, con todo, considerámolo insuficiente para promover a mellora de calidade que pretendemos.

↳ OUTRAS DOTACIÓNS

Así mesmo e no ámbito de cooperación co Centro, empresas da bisbarra de Cobres colaboran con recursos complementarios que nos permiten financiar determinadas actividades puntuais de carácter artístico ou medioambiental.

7. QUEN SOMOS?. IDENTIFICACIÓN DO CEP de RIOMAIOR:

O CEP de Riomaioir asume como propios os seguintes **sinais de identidade**, entendidos como o *conxunto de principios* que caracterizan o Centro e orientan o seu labor educativo.

7.1. Confesionalidade:

Como Centro de titularidade pública, o CEP de RIOMAIOR maniféstase **aconfesional** e respectuoso con todas as crenzas, segundo os principios constitucionais dun estado laico. Igualmente se manifesta libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada e ningún membro da comunidade educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas ao adoutramento en calquera tipo de crenza ou ideoloxía. Con respecto á Área de Relixión Católica, o Centro aplica a normativa legislativa co alumnado que así o solicite e un programa de Atención Educativa para os que elixen esta opción.

7.2. Lingua de aprendizaxe:

O Centro fai da **lingua galega** a lingua vehicular en todos os seus ámbitos de funcionamento; realiza o proceso inicial da lectura e escritura na lingua materna e tende a un uso equilibrado e non discriminatorio das dúas linguas cooficiais en Galicia durante toda a escolaridade **-galega e castelá-**, garantindo a adquisición da competencia lingüística propia da etapa, na convicción de que as linguas enriquecen, son multiplicadoras da propia competencia e son útiles.

Coa mesma intención desenvolvemos, ademais, un programa de **seccións plurilingües** en 1º,2º,3º,4º ,5ºe 6º en educación física e en plástica.

7.3. Liña metodolóxica:

Na etapa de Educación Primaria porase especial interese na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades que poderán ser tanto organizativos como curriculares

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Trataremos de desenrolar metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenrolo de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Tendo sempre en conta os diferentes ritmos

e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por un mesmo e promovendo o carácter colaborativo e en equipo.

Traballaremos por proxectos competenciales en catro sesións á semana con grupos internivel e de xeito multidisciplinar co tema condutor ***“Xirarei polo Morraso”***

A lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte ou formato e a súa comprensión, terá un papel fundamental na nosa metodoloxía.

Débense aproveitar mellor á hora de ler con planificación previa e exigencia de resultados xerando actividades antes , durante e despois.

Emprégase un método de lectura específico para 1º de EP.

A biblioteca será o centro de dinamización, marcando un itinerario lector, dando as ferramentas e materiais adecuados e fomentando actividades que nos conduzan a lograr este obxectivo.

Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara ós resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os contidos das áreas de Ciencias da natureza e sociais estarán interrelacionados coas doutras áreas, se potenciará un enfoque globalizado e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Potenciaremos as actividades STEAM e TIL

Tratarase de establecer uns tempos no horario e unas medios de traballo para a colaboración entre os docentes para o deseño curricular e a transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza. Para acadar este obxectivo cada titor deseñará nove proxectos (tres por trimestre), incluíndo os contidos a traballar en cada nivel, que será complementado polos especialistas (inglés, música, plástica, relixión e educación física. Adicarase una atención especial ao tratamento integrado das linguas. É necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos formularan, con criterios consensuados, unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

Este prantexamento nos dirixe cara unha nova metodoloxía que implica variados métodos de avaliación. Aplicaranse diferentes técnicas para a avaliación como o portfolio, as rúbricas, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas, presentacións(ante a clase, centro ou país), ...Con esta finalidade potenciaranse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

A motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas e un pilar fundamental no proceso de aprendizaxe , polo que o profesorado fomentará a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

O profesorado involucrarase na elaboración e no deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

Potenciarase o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Tentaremos de implicar as familias no proceso de ensino-aprendizaxe xa que é un factor determinante que tentaremos potenciar activamente. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

Documentos da avaliación. Serán documentos para a avaliación:

- a. O rexistro de notas por materias.
- b. O rexistro das competencias, que servirán para ter unha mellor visión das competencias acadadas e realizar mellor a avaliación final.
- c. O rexistro da avaliación da práctica docente.
- d. As propostas de reforzo deseñadas para acadar unha avaliación positiva para cada neno con resultado negativo.
- e. As rúbricas xeradas para os proxectos
- f. O material de estudo no terceiro ciclo

Procedemento das avaliacións.

As avaliacións dirixíraas o titor que levará os anteriores documentos cubertos e dedicarse a realizar unha valoración xeral dos resultados acadados e dos puntos nos que necesita reforzo. Ao final de cada avaliación dos alumnos farase unha avaliación do grupo cos aspectos mellorables e os máis salientables.

7.4. Tarefas extraescolares

Entendemos como tales os traballos extra que o profesorado asigna ao alumnado para seren realizados fóra do horario lectivo, nun prazo determinado e con obxectivos académicos e formativos predeterminados.

Deste xeito, o alumnado investiga, practica e reforza o aprendido na clase e tamén desenvolve as habilidades creativas, de reflexión e críticas. Serven para que o alumnado mellore o rendemento escolar, aprenda a aprender e a descubrir e poñer en práctica as súas propias técnicas de estudo e de traballo persoal, desenvolvendo a iniciativa, fortalecendo a autoestima e potenciando a autonomía e responsabilidade.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia contempla, na súa disposición adicional terceira, que os centros, dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, establecerán, na PXA, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

Considerando estas premisas establécese que neste Centro:

Poderanse propoñer traballos escolares que permitan reforzar e afianzar aprendizaxes xa traballadas na aula; tarefas de lectura e preparación previa dos temas; de investigación e de busca de información; de repaso, estudo e preparación de controis...; que deberán ser convenientemente valoradas a efectos de avaliación.

De maneira singular atenderase con esta proposta a aqueles alumnos/as que, por ausencia prolongada ou outras razóns, non poidan seguir o ritmo normal de traballo do alumnado da súa aula.

Graduaranse coidadosamente este tipo de actividades, de forma tal que a súa intensidade sexa directamente proporcional aos niveis respectivos, considerando o establecido no referido decreto respecto do tempo que os alumnos/as deben dispoñer para o descanso, o xogo, as actividades extraescolares e a convivencia familiar. Aproximadamente o tempo adicado para estas tarefas en 1º e 2º curso non poderá exceder de 10 minutos; en 3º e 4º, de 30 minutos e en 5º e 6º, unha hora.

As tarefas propostas poden ser as mesmas para todos os alumnos/as da clase ou poden ser individualmente diferentes, segundo as intencións, necesidades e propostas do profesorado.

Deben ser determinadas de tal forma, que todos os alumnos/as sexan capaces de realizalas de forma autónoma e no tempo estimado. Como norma, as familias non deberían actuar como "profesores de axuda"; deberán mostrar interese por que se fagan e de forma correcta.

Estas tarefas deben ser convenientemente integradas na clase lectiva e deben ser consideradas por parte do profesorado. Nesa estimación tamén se inclúe non só avaliar con acerto o tempo e as dificultades do traballo, senón tamén considerar as posibles carencias ou desigualdades de medios e recursos que poidan ter os alumnos/as, o que reclama do docente unha especial orientación para axudar a superalas.

7.5. Valores e Transversalidade:

Desde a nosa concepción integral e preventiva da educación, fronte á simple ensinanza, no CEP de Riomaioir estamos comprometidos cunha educación baseada nos principios, actitudes e valores básicos dunha sociedade democrática onde, nun ámbito de interculturalidade, a **solidariedade, a xustiza, a tolerancia, o esforzo e a responsabilidade no traballo, o respecto aos demais e ás súas opinións**, impregnen toda a actividade do Centro. Todo elo reflexado no Plan de convivencia.

Neste senso, esta educación en valores ten un carácter transversal e o seu desenvolvemento no noso alumnado posibilitase a través dun tratamento interdisciplinar de contidos transversais ligados a tres núcleos de interese –**Saúde, Medio Ambiente e Sociedade**- (*educación para a paz, para a saúde e a calidade de vida, para o tempo de lecer, para a igualdade de oportunidades, educación ambiental, educación viaria, educación para a convivencia e a resolución pacífica de conflitos, ...*) e á utilización neste proceso dunha pedagogía máis aberta ao medio e aos seus problemas, á aprendizaxe activa ou á participación efectiva de toda a comunidade educativa.

7.6. Coeducación

O Centro é proactivo na integración de obxectivos de **igualdade**. Traballamos pola eliminación das discriminacións por razóns de sexo e xénero e, moi especialmente, polo respecto á identidade e imaxe das mulleres e na superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre a muller e o home, que permitan o desenvolvemento integral das persoas, superando os comportamentos sexistas.

7.7. Atención á diversidade:

Consideramos a diversidade de todas as persoas que compoñemos a comunidade educativa como un feito valioso que contribúe a enriquecer a todo o grupo e favorece a interdependencia e a cohesión social. Consonte con esta idea, defendemos unha liña educativa que teña como

principio fundamental a **atención á diversidade** a partir do **principio de inclusión** como base de desenvolvemento e no que a **aprendizaxe cooperativa** se converta no seu eixo metodolóxico, tratando de darlle resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante unha ensinanza personalizada e compensadora das desigualdades sociais, de maneira que cada un/a poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, nunha contorna educativa común.

7.8. Tratamento das Competencias Clave:

Unha das principais novidades do novo currículo derivado da LOMLOE é a referencia ao desenvolvemento e avaliación das **competencias clave** do alumnado, entendidas como a *adquisición das aprendizaxes imprescindibles desde unha posición integradora e orientada á súa aplicación en contextos e situacións reais*.

Están relacionadas, de maneira prioritaria, co **saber facer** e constitúen o punto de referencia para determinar os procesos de avaliación e a promoción ou permanencia dun alumno ou alumna nun determinado curso.

O enfoque educativo que lle damos ás competencias clave debe supoñer que o alumno sexa quen de xestionar a súa propia construción do coñecemento e reflexionar sobre os seus procesos de aprendizaxe. O propósito final, co apoio do profesorado, debe ser:

- *Que aprendan a pensar, a usar procesos creativos, críticos e reflexivos.* O alumnado adquire competencia cando é capaz de buscar, seleccionar, tratar a información recibida para crear coñecemento e, finalmente, cando é capaz de aplicar o coñecemento adquirido de maneira autónoma.
- *Que adquiran un coñecemento global e contextualizado dos temas,* é dicir, integrando as aprendizaxes, relacionándoas cos contidos curriculares doutras áreas, asumíndoos e facéndoos transferibles e aplicables en diversas situacións de ensino-aprendizaxe.
- *Que aprendan a convivir.* O alumnado competente afrontará os retos e a responsabilidade de contribuír á calidade e sostibilidade das contornas naturais e sociais de forma crítica e será solidario cos demais.

- *Que adquiran unha formación ética, que se obtén a través do exercicio constante de reflexión e práctica democrática. Saber ser e sentirse ben facilitará ao alumnado a motivación para aprender.*

7.9. Igualdade:

- *A nosa filosofía adaptase perfectamente ás instrucións do 6 de setembro de 2019 respectaremos os valores democráticos, a transversalidade a inclusión a igualdade de oportunidades e a visibilidade, facéndonos eco de todas as actividades que potencien a igualdade*
- *Traballaremos a igualdade pero tamén o termo “Equidade”*

7.10. Xestión institucional:

A nosa idea dunha escola democrática aberta e en continua interacción coa súa contorna, precisa dunha **participación real e efectiva de todos os membros da comunidade escolar** por medio dos representantes elixidos por cada un dos estamentos que a compoñen. No Centro están establecidos os mecanismos necesarios para esa participación efectiva de profesores, nais/pais e alumnos, persoal non docente ou Concello, no canto de que as súas opinións sexan consideradas á hora de tomar decisións.

Os nenos colaboran representando as aulas coa figura do delegado e do responsable de convivencia ou mediadores. Facilítaselle o tempo para que teñan as súas reunións tanto dentro da aula como entre os representantes e así aprender a relacionarse e a transmitir as propostas de toda a aula.

No eido de darlle á institución unha imaxe de calidade e promoción exterior, a ANPA representa un elemento clave polo labor de promoción da participación de nais e pais na actividade educativa e pola colaboración e apoio na tarefa de conseguir un Centro con máis e mellores recursos para a acción educativa.

7.11. Aspectos organizativos. Protocolos de actuación

Ciclos.

Establécese o funcionamento pedagóxico do centro en tres ciclos:

-1º Ciclo: composto polos cursos de 1º, 2º

-2º Ciclo: composto polos cursos de 3º e 4º

-3º Ciclo: composto por 5º e 6º

Protocolo de acompañamento das saídas extraescolares.

1. Os titores
2. Mestres implicados nas saídas
3. En función das necesidades e características do grupo e da saída e dos grupos que quedan no Centro.
4. Disponibilidade horaria
5. Rotación

Comunicacións:

Deberase ter especial coidado á hora de escribir as comunicacións ás familias a través da axenda, coidando as expresións e o contido.

Non enviar os exames á casa pero facilitar o acceso das familias as probas dentro do centro con absoluta transparencia.

Procedemento ante crises

Cando algún alumno teña algunha crise debido as súas características, retirarse do lugar común (ó mínimo indicio de desbordamento) establecendo o lugar máis idóneo para ese desaxuste que será o máis próximo e seguro para o alumno. Recorrerase ao mestre de garda para axudar na intervención sen desasistir ao resto do grupo.

Comunicacións exames

- a) No primeiro ciclo e co fin de evitar as angustias cara os exames, facilitaranse as datas aproximadas aos alumnos a través das axendas para a súa organización persoal pero non se dirixirán ás familias.
- b) No segundo ciclo estableceranse as datas máis concretas coa finalidade de que o alumnado se organice e traballe a súa autonomía.

Formato do boletín de notas: acórdase enviar os boletíns en folio de cor, dentro dun sobre pechado e remodelar a valoración das capacidades do seguinte xeito.

- PA Participa nas actividades tanto a nivel individual como en grupo

- IA Ten interese por aprender e esfórzase polas tarefas
- PO Planifica e organiza de xeito autónomo con iniciativa propia
- CN Cumpre as normas básicas de convivencia e respecto
- EF Emprega diferentes ferramentas

7.11.1. Acción tutorial

Decálogo da tutoría

Obxectivos :

Facilitar a integración dos alumnos/as no Centro e no grupo. Fomentar a súa participación activa mediante o desenvolvemento de actitudes participativas e potenciar o traballo en grupo.

Mellorar o rendemento académico coas técnicas de desenvolvemento intelectual.

Desenvolver habilidades que posibiliten unha mellor interacción social.

Asegurar a coherencia das diferentes actuacións do Equipo Educativo referentes á orientación, organización do grupo, avaliación, temas de interese para o alumno/a,

Levar a cabo o seguimento e relación con equipos e pais.

Funcións:

1.-Facilitar a cooperación educativa entre pais e profesores, fomentando a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e á orientación. Nun clima de cordialidade e respecto mutuo mantendo o carácter profesional nesta relación. É axeitado recoller as demandas e propostas pero as decisións de centro corresponden ao claustro e E.D.

Entrevista persoal e individual cos pais/nais de cada alumno/a, polo menos, unha vez ao trimestre. Recoller e transmitir información dos especialistas (previa á visita dos pais)..

Tomar nota sempre do contido da entrevista utilizando a folla de rexistro e facendo constar os temas tratados e os acordos aos que se chegou.

O horario para levar a cabo as titorías serán os martes de 18:00 ás 19:00, salvo en casos extraordinarios que se poderán atender na hora de garda do mestre sempre e cando non teña que substituír a ningún compañeiro. Por outro lado o teléfono chega a ser a canle de comunicación máis rápida e practica para citar a unha titoría ou dar conta dalgunha cuestión concreta.

Por razóns diversas e en casos excepcionais poderanse levar a cabo principalmente de xeito telefónico ou a través de webex.

As titorías deben levarse a cabo nun entorno agradable e tranquilo se son de xeito presencial e nun espazo reservado se son telemáticamente para gardar a confidencialidade.

Nos casos de pais separados levarase a cabo de xeito conxunto asistindo á mesma ambos proxenitores, agás nos casos que haxa orde de afastamento por malos tratos. O motivo é para aproveitar recursos humanos xa que doutro xeito duplicaríamos as titorías e sería inviable ter tanto tempo dispoñible por trimestre.

Tentaremos de que á titoría asistan máis membros do equipo docente do alumno/a para analizar de xeito máis amplo a situación académica e persoal de cada alumno/a.

As familias son parte importante no proceso de ensinanza e aprendizaxe polo que se contará con elas para realizar actividades como contacontos, charlas, exposicións...

2.-Fomentar a súa colaboración nas actividades complementarias e extraescolares do Centro e a súa participación en actividades organizadas pola comunidade educativa.

3.-Coñecer as características persoais e aspectos da situación familiar do alumno/a, a través do expediente académico, entrevistas cos pais/nais, información doutros profesores, e do Departamento de Orientación-Garantindo a confidencialidade dos datos segundo a Lei de Protección de datos

4.Observar a dinámica da aula para detectar e tomar medidas canto antes diante de situacións de rexeite. Ademais, o coñecemento da dinámica interna do grupo permítenos facer una intervención máis adecuada aos nosos alumnos/as.

- 5.-Desenvolver actividades lúdicas que fomenten o coñecemento de tódolos membros da clase e sente as bases para una participación plena de cada un dos seus membros.
- 6.- Desenvolver actividades de dinámica de grupos co fin de que os alumnos/as poidan integrar habilidades básicas de interacción social que lles permita traballar en grupo.
- 7.-Determinar a figura do delegado/a e do mediador/a para implicar os nenos/as no bo funcionamento da aula.
- 8.-Establecer e dar a coñecer as normas básicas de funcionamento interno do Centro e da Aula.
- 9.-Coordinar a planificación e realización de actividades, así como a metodoloxía e criterios de avaliación e promoción.
- 10.- Apoiar, orientar, guiar, acompañar ensinar, aprender respectar, involucrar,

8. QUE PRETENDEMOS?. PRINCIPIOS e OBXECTIVOS XERAIS:

A nosa comunidade educativa, entendida como o conxunto de persoas que intervimos dalgunha maneira na vida do CEP de Riomaioir, ofrece unha gran heteroxeneidade derivada das singularidades de cada alumna e cada alumno, de cada familia, de cada membro do Claustro de Profesores así como das particularidades do propio Centro.

Neste contexto temos a necesidade de impulsar innovacións tanto na oferta educativa como nos contidos e metodoloxía, que nos acheguen á consecución dun clima harmónico de responsabilidade activa no proceso de ensinanza/aprendizaxe que nos permita desenvolver no noso alumnado as competencias necesarias para que poida incorporarse á vida adulta cunha ampla formación básica que o capacite para unha aprendizaxe permanente e de conseguir que contribúa realmente á formación de cidadáns preparados para afrontar os retos que nos esperan.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, de Educación (LOMLOE), establece os principios e fins do noso sistema educativo; estes principios, que nós

resumimos en **catro** fundamentais, son asumidos polo Centro e constitúen a base na que se asenta este **Proxecto Educativo**:

- ❑ *Proporcionar unha educación de calidade para que todo o noso alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, independentemente da súa condición e circunstancias.*
- ❑ *Equidade que garanta a igualdade de oportunidades para todos, cunha orientación inclusiva e non discriminatoria.*
- ❑ *Compromiso e esforzo compartido por todos os que conformamos a comunidade educativa de CEP do Riomaioir.*
- ❑ *Autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades do Centro.*

Os **Obxectivos Xerais** son formulacións dos propósitos que no CEP de Riomaioir pretendemos conseguir a partir da diagnose do Centro e da súa contorna. Fundamentados nos principios sinalados, abranguen todos os ámbitos de xestión do Centro e implican unha vontade de planificación e desenvolvemento posterior mediante outros **Planos** de intervención máis específicos, operativos e medibles.

É a nosa intención conectalos coas **expectativas e demandas sociais**, a través dun planeamento sinérxico de profesorado, alumnado, nais e pais e da comunidade escolar en xeral, actuando especialmente en campos que consideramos esenciais na consecución de parámetros de calidade, equidade e eficiencia:

- *Implicación efectiva e esforzo compartido de toda a comunidade educativa.*
- *Introdución das novas tecnoloxías na aula e na práctica docente, a través da aplicación do **Proxecto TIC**.*
- *Fomento da lectura, a escritura e as habilidades informativas, que se desenvolven a través do **Plan Lector**.*
- *Atención á diversidade e prevención das dificultades de aprendizaxe, que concreta e desenvolve o **Plan de Atención á Diversidade**.*
- *Desenvolvemento de habilidades sociais e hábitos de traballo.*

- *Fomento da convivencia e da participación, a través do **Plan de Convivencia**.*
- ***Plan de Igualdade***
- ***Plan de Acollida***
- *Promoción decidida do plurilingüísimo e da cultura galega, que ten a súa concreción no **Proxecto Sociolingüístico** do Centro.*

Serán **amplos e integrais**, xa que se refiren a todo tipo de acción educativa; serán **dinámicos**, porque cambiarán co tempo na medida que poidan variar os problemas, as situacións, necesidades ou intereses e serán **flexibles**, porque o seu grao de xeneralidade permite que se teñan en conta as diferenzas individuais.

8.1. DE ÁMBITO CURRICULAR E INNOVACIÓN:

- **Formar persoas competentes capaces de resolver situacións cotiás en contextos diversos e comprometidos coas responsabilidades colectivas.**

*Queremos ser unha escola que desenvolva as capacidades que favorezan a adquisición das competencias clave no alumnado, valorando a importancia non só de **saber**, senón de **saber facer** e **saber ser**, mobilizando recursos internos xunto cos recursos externos para que se produzan aprendizaxes significativas, posibilitando ferramentas para todos aqueles procesos ou situacións que se teñan que desenvolver na escola.*

- **Mellorar expresamente a competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado, fomentando o manexo de diferentes códigos expresivos (lingüísticos, de imaxe, xestuais, etc.) buscando mellorar a súa capacidade comunicativa.**

Unha escola que dote de forma progresiva ao alumnado da capacidade de emitir mensaxes cargadas de valoracións e de matices, con posibilidade de influír a través do que se di e se escribe e, ao mesmo tempo, produza sentimentos de seguridade e progreso.

- **Fomentar a adquisición do grao de autonomía suficiente que lles permita aos alumnos desenvolverse na súa vida cotiá tomando decisións correctas, mediante un sistema adecuado de tutorías que permita a atención á diversidade.**

*Pretendemos posibilitar no noso alumnado o desenvolvemento das competencias clave necesarias para identificar e xestionar os diferentes recursos da contorna e construír novas aprendizaxes para afrontar con éxito distintas situacións (persoais, sociais, académicas, de ocio...) dentro e fóra da escola a través dunha **acción tutorial** orientadora do seu proceso individual e colectivo.*

- **Crear no Centro un clima acoledor, equilibrado e confortable no que se fomenten as relacións interpersoais positivas e a convivencia harmónica entre todos os membros da comunidade educativa.**

Cremos nunha escola como espazo educativo de convivencia, socializadora e integradora, que traballe na adquisición de estratexias para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos e potencie o traballo en equipo.

- **Incorporar as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe como medios e ferramentas de aprendizaxe e investigación, así como para a xestión do Centro e a súa relación co conxunto da comunidade educativa.**

Unha escola que favoreza a utilización das TIC e as redes de telecomunicación como instrumento para a aprendizaxe, posibilitando a competencia dixital no alumnado e integrando na práctica docente as súas potencialidades metodolóxicas e didácticas.

- **Acomodar as nosas estratexias de ensinanza ás necesidades das nosas alumnas e alumnos, poñendo especial énfase naqueles que teñan necesidades educativas específicas, en función do que permitan os recursos do Centro.**

Unha escola cun enfoque pedagóxico que impulse a coordinación entre o profesorado e a promoción de sistemas de organización do apoio e reforzo ao alumnado para atender á diversidade en función das distintas características persoais ou socioculturais de cada nena e neno.

- **Asumir a función educadora e non quedarse unicamente na función docente.**

Defendemos unha escola comprometida cos modelos dunha formación integral das nenas e nenos, creadores da escola comprensiva, superando os esquemas da escola selectiva tradicional, centrándonos na calidade do itinerario e non unicamente nos resultados.

- **Fomentar a convivencia das tres linguas (galego, castelán e inglés) fortalecendo o proceso de galeguización do Centro e adoptando medidas de apoio e reforzo á lingua inglesa para un correcto uso lingüístico educativo.**

Apostamos por integrar a ensinanza bilingüe como un elemento de riqueza non só lingüística senón tamén humana, favorecedora do desenvolvemento de actitudes como o respecto e a tolerancia cara a outras culturas, así como a creación dunha identidade múltiple e plurilingüe.

8.2. DE ÁMBITO DA PARTICIPACIÓN E DA INTEGRACIÓN:

- **Manter ao Centro como unha institución aberta e en continua interacción coa súa contorna, potenciando, difundindo e desenvolvendo actividades colectivas de extensión cultural que fomentan a cooperación entre os membros da Comunidade Educativa.**

Unha escola que identifique, xestione e aproveite os diferentes recursos que ten ao seu dispor cunha dobre intención: integrar aos nenos e nenas na súa contorna socio-cultural, pero tamén establecer referencias que favorezan o coñecemento dunha realidade máis ampla, sabendo, ademais, usar e aplicar eses coñecementos en situacións e contextos reais.

- **Potenciar os mecanismos e os procesos de participación activa e democrática de todos os membros da comunidade educativa para ofrecer unha educación de calidade e garantir a igualdade de oportunidades a todo o alumnado.**

Queremos unha escola que todos sintamos como nosa, que fomente a participación e a implicación de todos na vida escolar e que cree un ambiente de cooperación entre os membros da comunidade escolar favorecedor dunha liña de traballo continua e coordinada.

- **Implementar as relacións sistemáticas de colaboración e coordinación co CRA de Vilaboa, co CPI do Toural e con outras institucións da zona.**

Establecendo mecanismos precisos para lograr unha coordinación entre a etapa de Ed. Primaria e as de Ed. Infantil e a Ed. Secundaria Obrigatoria, porque son o berce e o destino do noso alumnado.

- **Manter a participación das familias na vida do Centro incrementando a calidade e fluidez da mesma, incluíndo a elaboración de programas de asesoramento que as orienten na realización de accións que favorezan a formación integral dos seus fillos e fillas.**

Unha escola que, a través da mutua relación interactiva coas familias, posibilite a unificación das normas e pautas de actuación nos ámbitos familiar e escolar.

- **Promover a eliminación da discriminación de xénero no CEP de Riomaioir e a formación das nenas e nenos nos valores que lles permitan desenvolver en sociedade as súas capacidades, sen limitacións en función do sexo.**

Unha escola pensada como espazo de igualdade, que permita a construción da personalidade libre de estereotipos e roles de xénero.

8.3. DE ÁMBITO DA ORGANIZACIÓN E DA ADMINISTRACIÓN:

- **Flexibilizar e reestruturar o Proxecto Curricular a partir das novas propostas curriculares da Administración Educativa, para que siga sendo unha ferramenta colectiva da nosa intervención educativa.**

*Cremos necesario adaptar o currículo e a acción educativa ás circunstancias específicas do noso Centro, tomando como referencia a información que nos proporciona a **avaliación de diagnóstico se fose o caso ou as avaliacións finais.***

- **Dinamizar a vida do Centro, a partir do traballo en equipo e a coordinación entre os profesionais do equipo docente do Centro.**

Fomentando o traballo dos equipos docentes, facilitando a coordinación e o intercambio de estratexias metodolóxicas e favorecendo o perfeccionamento, tanto interno como externo, do profesorado.

- **Promover proxectos de formación e innovación e cantas actividades se consideren adecuadas para a permanente actualización científica, pedagóxica e profesional do profesorado.**

Un profesorado reflexivo e comprometido cos propósitos do CEP de Riomaioir, que se forme e actualice, tanto persoal como grupalmente, investigando na acción e abrindo perspectivas novas encamiñadas á mellora da calidade do ensino.

- **Manter integrado ao Centro no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares, co obxecto de potenciar o uso da Biblioteca como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do Centro.**

Pretendemos que a nosa Biblioteca se converta en lugar de encontro e de convivencia, espazo de aprendizaxe e de contacto gozoso coa cultura escrita; de integración dos distintos soportes e formatos que albergan a información e os contidos culturais, de oportunidade para soñar e imaxinar; de apoio para a adquisición de competencias clave e construción de coñecementos de calquera tipo.

8.4. DE ÁMBITO DOS RECURSOS:

- **Xestionar de forma eficaz todos os recursos dispoñibles, humanos, materiais e económicos, facilitando os procedementos administrativos mediante unha organización rigorosa e eficaz dos medios.**

*Consideramos os recursos como un dos elementos de calidade do ensino, deseñando a ordenación e utilización racional deles en función dos obxectivos xerais sinalados e das posibilidades reais da nosa escola a través do **Proxecto de Xestión** e que se concretan no **Plan Xeral Anual** para cada curso escolar.*

- **Crear e utilizar instrumentos eficaces para a difusión da comunicación externa e interna das actividades que se desenvolven no Centro.**

Utilizando procedementos formais en documentos escritos ou a través de plataformas dixitais, formulados en lingua galega e co logotipo do Centro.

- **Optimizar a oferta de actividades Complementarias e Extraescolares, organizadas pola ANPA en colaboración co Claustro de Profesores.**

Unha escola comprometida, tanto a título individual como a través da Asociación de Nais/Pais, na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

- **Manter actualizada de forma permanente a dotación material e instalacións do Centro para facilitar unha formación baseada nas tecnoloxías máis innovadoras.**

Unha escola que dinamice os distintos sectores da comunidade educativa fomentando canles de comunicación e colaboración e instando á administración educativa, municipal e/ou ANPA á realización das accións de mellora oportunas.

8.5. DE ÁMBITO DOS SERVIZOS:

- **Comprometer a todas as persoas da comunidade educativa no coidado e mantemento das instalacións e os recursos materiais da escola nas condicións adecuadas para uso e goce de todos.**

Unha escola comprometida co coidado dos recursos, instalacións e entorna natural, facendo do Centro un espazo educativo agradable, vivo e enriquecedor.

- **Xestionar as actuacións relativas á organización e funcionamento das prestacións de carácter complementario (Transporte e Comedor Escolar) que ofrece o Centro.**

Estamos comprometidos co mantemento duns servizos complementarios que, ademais de cumpriren as súas funcións básicas, contribúan á acción educativa do Centro.

9. COMO NOS ORGANIZAMOS?.

A **organización** será a vía que nos permita no CEP de Riomaioir conseguir os obxectivos do Proxecto, facilitar as tarefas e ordenar os recursos existentes. Pretendemos evitar a duplicación de esforzos e a descoordinación que puidera existir establecendo unha estrutura organizativa adecuada e necesaria para que toda a acción educativa encamiñada ao desenvolvemento integral do alumnado sexa unha tarefa de todos e non unha actividade illada.

9.1. Órganos de Goberno e Participación.

De acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro e no regulamento Orgánico dos Colexios de Educación Primaria (**Decreto 374/1996, do 17 de outubro e Orde do 22 de xullo de 1997**, no CEP de Riomaioir existirán os seguintes Órganos de Goberno e Participación:

1. Órganos Colexiados de Goberno: *Consello Escolar e Claustro de Profesores.*

1.1. O **Consello Escolar** do CEP de Riomaioir é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade educativa. As súas competencias e réxime de funcionamento están reguladas nos Artº 23 ao 27 do NOFC.

1.1.1. O Consello Escolar estará composto polos seguintes membros:

a) *O/A Director/a, que será o seu Presidente/a.*

b) *Un Concelleiro ou representante do Concello de Vilaboa.*

- c) *3 profesores, elixidos polo Claustro.*
- d) *3 nais/pais, elixidos por e entre eles, dos cales un será designado pola Asociación de Nais/Pais "Riomaioir".*
- e) *O/A Secretario/a do Centro, que actuará como secretario/a do Consello Escolar, con voz e sen voto.*

1.2. O **Claustro de Profesores** do CEP de Riomaioir é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do Centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do Centro. O Claustro estará presidido polo/a Director/a e integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no CEP de Riomaioir. As súas competencias e réxime de funcionamento establécense nos Artº 28 ao 31 do NOFC

2. Órgano Executivo de Goberno: *Equipo Directivo.*

2.1. O **Equipo Directivo** é o órgano executivo de goberno do CEP de Riomaioir. Estará integrado pola Directora, e a Secretaria. As súas funcións e réxime de funcionamento concrétanse nos Artº 7 ao 22 do NOFC

9.2. Órganos de Coordinación Docente.

1. EQUIPOS DE CICLO:

1º Ciclo : 1º,2º

2º Ciclo : 3º,4º

3º Ciclo : 5º,6º

2. **EQUIPO PLURILINGÜE:** Composto pola mestra de inglés, o auxiliar e o mestre de Educación física coa finalidade de coordinar as tarefas dos cursos Plurilingües

3. EQUIPO de DINAMIZACIÓN da LINGUA GALEGA:

Coa finalidade de dinamizar o uso da lingua galega no CEP de Riomaioir, constitúese o **Equipo de Dinamización da Lingua Galega**, de acordo co establecido no Decreto 79/2010, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia. Será o responsable do deseño,

posta en práctica e revisión do programa de actividades de fomento da lingua galega no marco do **Proxecto Lingüístico do Centro**.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega estará constituído, cando menos, por un mestre de cada Ciclo e estará dirixido por un/ha **Coordinador/a**, elixido/a entre os membros do Equipo, preferentemente con destino definitivo no Centro, e por un período de dous cursos académicos renovables. Na súa constitución tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

As súas competencias mailas do/a seu Coordinador/a así como o seu réxime de funcionamento están reguladas nos Artº 42 ao 44 do ROFC.

4. EQUIPO de ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS e EXTRAESCOLARES:

O **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares** do CEP de Riomaioir será o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Estará dirixido por un/ha **Xefe/a de Equipo**, elixido/a entre os membros do mesmo, preferentemente con destino definitivo no Centro, e por un período de dous cursos académicos renovables, se é o caso.

As súas competencias mailas do/a seu Xefe/a de Equipo e réxime de funcionamento regúlanse nos Artº 45 ao 49 do ROFC.

5. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:

A **Comisión de Coordinación Pedagóxica** estará constituída polo/a Director/a como Presidente, Xefe/a do Departamento de Orientación, o mestre de PT, o/a Coordinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o/a Coordinador/a da Biblioteca Escolar, o/a Coordinador/a das TIC e a mestre de AL

As súas competencias mailo seu réxime de funcionamento están fixadas nos Artº 40 e 41 do NOFC.

6. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

O **Departamento de Orientación** do CEP de Riomaor comezou o seu funcionamento no curso 2008-2009 - como estrutura que desenvolve a súa función no ámbito da orientación psicopedagóxica, académica e profesional.

O departamento de orientación coordínase co CRA de Vilaboa e o CPI do Toural e o noso Centro, co fin de crear un marco común na súa planificación, desenvolvemento, ámbitos de acción prioritarios e avaliación. As liñas de actuación están deseñadas de acordo co establecido nos Proxectos Educativos dos respectivos Centros, co Decreto 229/2011, e a orde do 8 de setembro do 2012, que regula a atención a diversidade en Galicia e adaptadas ao contexto educativo que nos fornece de alumnado.

A composición do Departamento de Orientación está formada por:

- *O/A Xefa do Departamento de Orientación.*
- *Os/as mestres/as de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.*
- *Os/As Coordinadores/as de Ciclo.*

As súas competencias e o seu réxime de funcionamento están reguladas nos Artº 51 e 52 do NOFC e as da Xefa do Departamento no Artº 53.

7. TITORÍAS:

Cada grupo de alumnos/as terá un **Mestre/a-Titor/a** que, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará as funcións que estipula o Artº 34 do ROFC e as previstas no **Plan de Acción Titorial** no que respecta ao seu grupo-clase.

8. ATENCIÓN ao ALUMNADO con NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

Entendemos por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que require, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna do noso Centro, a **Xefa do Departamento de Orientación**, en coordinación coas mestras especialistas en **Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe**, porá en funcionamento as medidas curriculares e organizativas oportunas –*ordinarias ou extraordinarias*- que aseguren o seu adecuado progreso, dentro dos principios de inclusión e normalidade, de acordo coas actuacións educativas contempladas no **PLAN de ATENCIÓN á DIVERSIDADE**

↪ **Outras estruturas organizativas:**

9. EQUIPO DAS TECNOLOXÍAS da INFORMACIÓN e da COMUNICACIÓN:

O **Equipo das Tecnoloxías da Información e da Comunicación** do CEP de Riomaioir terá a responsabilidade de incorporar as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe a través da elaboración e desenvolvemento do **Plan de Introducción das Tecnoloxías da Información e da Comunicación**, e o **Plan Dixital** coa participación activa de todo o equipo docente, que articule todas as intervencións que se van realizar no Centro aproveitando as posibilidades que as TIC ofertan.

O Equipo das TIC estará constituído, cando menos, por un mestre de cada Ciclo e estará dirixido por un/ha **Coordinador/a**, elixido/a entre os membros do Equipo, preferentemente con destino definitivo no Centro, e por un período de dous cursos académicos renovables. Na súa constitución tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

As funcións deste Equipo están reguladas no Artº 56 do ROFC e as do/a seu/súa **Coordinador/a** no Artº 57.

10. EQUIPO DA BIBLIOTECA:

O obxectivo fundamental deste Equipo vai ser o de integrar a nosa **BIBLIOTECA** no proceso educativo a través dun **Proxecto Lector** que articule todas as intervencións que se van realizar no Centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades comunicativas.

O **Equipo de Biblioteca** estará constituído, cando menos, por un mestre de cada Ciclo e estará dirixido por un/ha **Coordinador/a**, elixido/a entre os membros do Equipo, preferentemente con destino definitivo no Centro, e por un período de dous cursos académicos renovables. Na súa constitución tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

As funcións deste Equipo están reflectidas no Artº 59 do ROFC, as do/a seu/úa Coordinador/a no Artº 60 e o seu réxime de funcionamento no Artº 61 do Regulamento de Organización e Funcionamento.

11. COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL:

A **Avaliación de Diagnóstico** se fose menester pretende contribuír a determinar o nivel de desenvolvemento das competencias clave do alumnado, promovida como unha avaliación de carácter censual, sen efectos académicos, formativa e orientadora para os centros e informativa para as familias. A información que se obteña da súa realización servirá de referencia para analizar, valorar e reorientar, se é preciso, actuacións de transformación e mellora.

No Centro constitúese unha **Comisión de Coordinación da Avaliación de Diagnóstico** para cada curso académico que estará composta polos seguintes membros e cuxas funcións están recollidas no Artº 80 do ROFC.

- O Director ou Directora.
- A Xefa/e do Departamento de Orientación.
- Un profesor/a-titor/a do ciclo que se avalía.

As competencias clave que se avaliarán serán as que determine para cada curso escolar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

12. COMISIÓN DE CONVIVENCIA:

Trátase dun órgano colexiado que se crea para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia do Centro, propoñer e, de ser o caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia no CEP de Riomaioir.

Constitúese, ao abeiro do disposto no Decreto 85/2007, do 12 de abril, no seo do Consello Escolar e estará integrado por membros do mesmo nunha composición equilibrada de mulleres e homes. E fundamentada en :

- Na Lei orgánica 2/2006 e a 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa que establecen a autonomía dos centros na elaboración das normas de convivencia.
- Na Lei 2/2014, do 14 de abril pola igualdade da trato.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- E o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño.

Composición

- O/A Director/a, que será o seu presidente.
- 1 representante das nais e pais.
- 1 representantes do Profesorado.
- Como asesor o a Xefa do Departamento de Orientación.

As súas competencias e outras normas de funcionamento están reguladas no do **Plan de Convivencia** do Centro e do Plan de Benestar

9.3. Persoal non docente:

2. O persoal non docente ao servizo do Centro concrétese nun **Conserxe** e unha **Limpadora**. Administrativamente dependen do Concello de Vilaboá e orgánicamente da Dirección do Centro.

As súas funcións están definidas no Artº 135 do NOFC. A/O Secretaria/o do Centro organízalles a xornada laboral en función das necesidades do servizo e vela polo seu cumprimento.

3. *Tamén son considerados persoal non docente **o/a auxiliar de conversa** (inglés), **o persoal monitor** para as **actividades extraescolares da tarde** e **o persoal de atención ao comedor escolar** que, alén do seu réxime administrativo e/ou laboral, desenvolverán a súa actividade consonte aos principios reitores e ás normas de convivencia, organización e funcionamento do Centro.

9.4. Asociación de Nais/Pais de alumnos “RIOMAIOR”:

1. A **Asociación de Pais/Nais de Riomaior** é o órgano de representación das nais/pais ou titores legais dos alumnos e alumnas do CEP de Riomaior, cunha organización que se desenvolve a través dunha Xunta Directiva elixida entre os seus membros.

2. A ANPA de Riomaioir desenvolve as actividades previstas nos seus estatutos dentro do marco dos fins que a Lei lles asigna como propios.
3. As súas competencias en relación co Centro están establecidas nos artigos 129 e 130 do NOFC.

10. OUTROS ASPECTOS DE FUNCIONAMENTO

10.1. TRANSPORTE ESCOLAR:

- 1.1. Consideramos o **transporte escolar** como un servizo educativo complementario que comporta a responsabilidade e implicación de toda a comunidade educativa na súa prestación.
- 1.2. O Artº 141 do NOFC establece as normas de convivencia e seguridade no transporte escolar do noso Centro e o Artº 142 as funcións da/o acompañante do transporte.

10.2. COMEDOR ESCOLAR:

- 3.1. Entendemos o **comedor escolar** como un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de cumpriren unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do Centro.
- 3.2. A responsabilidade da súa xestión correspóndelle á ANPA mediante contratación cunha empresa do sector hostaleiro adxudicataria do servizo pola modalidade de **catering**.
- 3.3. As normas que regulan o seu funcionamento están recollidas nos Artº 138 e 139 do ROF e concretadas cada curso escolar no propio **Plan Anual do Comedor Escolar**.

11. MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

Defínímolos como todos aqueles instrumentos e medios que nos proporcionan ao profesorado pautas e criterios para a toma de decisións, tanto na planificación como na intervención directa no proceso de ensinanza-aprendizaxe e na súa avaliación.

Neste senso, todo o material curricular que utilizamos será coherente cun modelo didáctico que teña en conta as necesidades que se derivan da aprendizaxe dos diferentes tipos de contidos que coincidan coas nosas intencións educativas, así como as

características, as formas de traballo e as características diferenciais da nosa contorna escolar.

Desde esta consideración xeral, optamos, de maneira decidida, por materiais curriculares de calidade e variados, con pretensións integradoras, concibidos como un medio entre outros e que deposite no profesorado a responsabilidade do seu uso creativo. Así, o **libro de texto** non será o principal recurso didáctico, senón que potenciaremos o uso dunha variedade de materiais e recursos nos que a integración das **bibliotecas** (de Centro, de aula, municipal, ...) e das **Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)** sexan consideradas especialmente como variables metodolóxicas.

Na súa selección teremos en conta, ademais, os seguintes criterios que nos serven de guía:

- **Utilización:**
 - **Colectivos**, que axuden a desenvolver novas formas sociais de traballo, a aceptar, respectar e compartir.
 - **Individuais**, que estimulen o razoamento lóxico, a autonomía persoal e axuden á nena ou neno á súa organización individual.
- **Cualidades:**
 - **Funxible**, é dicir material de uso cotiá (*papel, lapis, goma, pinturas, dicionarios, libros de texto* que permitan os cambios nas actividades que propoñen e nos seus enfoques, *de consulta, ...*).
 - **Non funxible:** Material complementario do traballo diario do alumnado (*soporte informático, webs educativas, blogues, de atención ás necesidades específicas de apoio educativo, medioambientais, multimedia, biblioteca de aula, científicos, ...*).

12. CALENDARIO E XORNADA ESCOLAR

1. O calendario escolar será fixado pola Consellería de Educación e OU da Xunta de Galicia e comprenderá un mínimo de **175 días lectivos**. Estará exposto no taboleiro de anuncios do Centro e será de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.
2. A **xornada escolar lectiva** desenvolverase de **luns a venres**, durante cinco horas diarias, no número de sesións que contemple o **Plan Xeral Anual** e en réxime de xornada continuada en sesión única de mañá.

13. ÁREAS OPCIONAIS:

1. *Ensinanzas de Relixión:*

- a) A área de **Relixión Católica** será de oferta obrigatoria para o Centro e de carácter voluntario para o alumnado.
- b) Ao comezo de cada curso escolar, as nais/pais ou titores legais dos alumnos e alumnas manifestarán a súa vontade de que os seus fillos ou fillas reciban ou non ensinanzas de relixión.
- c) O alumnado cuxas/os nais/pais ou titores legais non optasen polas ensinanzas de relixión, recibirán Proxecto Competencial

2. *Ensinanza das linguas estranxeiras.*

- a) O CEP de Riomaioir oferta a **lingua inglesa** como opción de cursar unha lingua estranxeira ao seu alumnado. O Centro, coa autorización da Administración educativa, poderá impartir en linguas estranxeiras unha parte do currículo, sen que isto supoña modificación dos seus aspectos básicos

14. EVCE Educación en valores cívicos e éticos

Materia que se impartirá en 6º EP .

OBXECTIVO XERAL é proporcionarlle ao alumnado ferramentas para que adopte un compromiso activo cos valores, principios e normas da convivencia democrática e constrúa o seu proxecto vital

15. CULTURA AVALIATIVA:

O obxectivo fundamental da **avaliación** é coñecer para axudar. Entendémola, xa que logo, como un mecanismo regulador do proceso de ensinanza-aprendizaxe, no que se analiza o papel de todos os elementos que interveñen no proceso educativo: *alumnado, profesorado, obxectivos propostos, metodoloxía da ensinanza, actividades de intervención deseñadas e técnicas de avaliación utilizadas.*

Contemplámola desde dous ámbitos:

1. **Análise das adquisicións realizadas polos alumnos/as** ao longo do proceso de aprendizaxe en relación cos obxectivos previstos inicialmente, co fin de proporcionarlles as axudas necesarias que lles permitan iren avanzando no seu proceso formativo.
2. **Análise da práctica docente e dos procesos de ensinanza**, a través da utilidade do desenvolvemento de toda a programación.

↪ **AVALIACIÓN do PROCESO DE APRENDIZAXE do ALUMNADO:**

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos/as será **continua, global** e terá un carácter **formativo**. No proceso de avaliación, ao se desenvolver paralelamente co de ensinanza-aprendizaxe, incluímos tres fases ou momentos:

- **AVALIACIÓN INICIAL:** *Permitiranos coñecer o punto de partida de cada alumno/a ao iniciaren calquera proceso educativo: ideas previas, actitudes, procedementos intuitivos, ...*
- **AVALIACIÓN REGULADORA:** *Faremos un seguimento da actividade do alumno/a, do seu estilo, ritmo de aprendizaxe, dificultades que atopa, ..., permitindo facer os axustes pedagóxicos que sexan necesarios no decurso do proceso.*
- **AVALIACIÓN SUMATIVA:** *Sírvenos para medir os resultados da aprendizaxe ao remate dun proceso, para comprobar se os alumnos/as alcanzaron o desenvolvemento adecuado das competencias clave e determinar o grao de eficacia do conxunto do proceso educativo.*

• **PROCEDEMENTOS e INSTRUMENTOS:**

O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensinanza e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación. (Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, para elo seguiremos as seguintes porcentaxes:



PORCENTAXES	DEFINICIÓN	INSTRUMENTOS
<p style="text-align: center;">CONTIDOS 30%</p>	<p>Coñecementos adquiridos polo alumno (datos, feitos, conceptos e principios).</p>	<p>Probas específicas (abertas, exposición de temas, cuestionarios, resolución de exercicios e actividades, capacidade motriz,...)</p> <p>Outros.</p>
<p style="text-align: center;">EDUCACIÓN FÍSICA 10%</p>		
<p style="text-align: center;">PROCEDEMENTOS 50%</p>	<p>Capacidade do alumno para elaborar produtos usando contidos traballados previamente ou directrices dadas polo profesor (saber facer, procedementos, estratexias, métodos e técnicas).</p>	<p>Probas (interpretación de datos, elaboración e resolución de tarefas e problemas).</p> <p>Intercambios orais, asemblea, posta en común</p> <p>Producións dos alumnos(orais, escritas, musicais, motrices, portfolios, cadernos de campo, investigación, resumes, xogos de simulación, monografías...)</p> <p>Outros.</p>
<p style="text-align: center;">EDUCACIÓN FÍSICA 40%</p>		
<p style="text-align: center;">ACTITUDES 20%</p>	<p>Actitude do alumno durante a clase e o traballo solo ou en equipo. Capacidade de organización e desenrolo da actividade e tarefa (valores, actitudes, rasgos</p>	<p>Rexistro anecdótico, observación sistemática, observación externa, listas de control, diario de clase...</p> <p>Outros.</p>

	de personalidade e habilidades sociais).	
EDUCACIÓN FÍSICA 50%		

Temos en conta e así publicamos na nosa páxina web que regula o dereito do alumnado a obxectividade na avaliación e o procedemento de reclamación de notas .

Ademais teremos en conta este peso nas avaliacións

OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA AVALIACIÓN

- 1) No caso de EP: realizaranse polo menos tres sesións de avaliación parciais ao longo do curso, unha avaliación inicial (no primeiro mes) e unha avaliación final. O peso de cada unha delas dependerá da materia (ver o cadro 1).
- 2) Temos que matizar que a avaliación é continua e progresiva: continua, na medida en que forma parte dos procesos de ensino e aprendizaxe e ten carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar (en calquera momento do curso) medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.
- 3) A avaliación é progresiva xa que en cada momento do curso, estase a traballar e avaliar todo o anteriormente traballado ao longo del.
- 4) A avaliación sempre ten que ser continua, o que implica un rexistro constante para o que se utilizarán distintos procedementos e instrumentos de avaliación (observación, probas orais, probas escritas, traballos, participación...); mais a avaliación non ten por que ser progresiva. En moitas materias existen partes diferenciadas que poden non ser avaliadas de forma progresiva.

En conclusión, cada departamento debe establecer os criterios de cualificación de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria.

MATERIAS	TIPO DE AVALIACIÓN	PESO		
		1 ^a	2 ^a	3 ^a
LINGUAS	Progresiva e continua	20%	30%	50%
MATEMÁTICAS	Progresiva e continua	20%	30%	50%
CIENCIAS NATURAIS E SOCIAIS	Non progresiva	Media aritmética		
EDUCACIÓN FÍSICA	Progresiva e continua	20%	30%	50%
VALORES/ RELIXIÓN	Progresiva e continua	25%	35%	40%
ARTÍSTICA	Progresiva e continua	25%	35%	40%

Cadro 1. Peso das avaliacións por materias.

- 5) Resulta necesario rexistrar e comunicar á familia ás medidas aplicadas durante o curso académico antes de propoñer a súa repetición, non pode repetir sen antes levar a cabo medidas ordinarias de reforzo e apoio.
- 6) Os criterios de cualificación atenderán non só aos contidos específicos de cada área curricular, senón tamén ás capacidades antropolóxico-sociais de cada alumno ou alumna. Na súa determinación respectaranse as porcentaxes atribuídas aos tres aspectos definidos polos Equipos de Ciclo e aprobados polo Claustro: probas obxectivas escritas e orais, interese, actitude e comportamento e traballo en equipo.
- 7) Na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais e teña autorizada unha adaptación curricular significativa, os criterios de avaliación e promoción establecidos nela serán o referente fundamental para a súa avaliación e promoción.

↪ AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA e da PRÁCTICA DOCENTE:

Atenderá aos seguintes aspectos:

- Organización e coordinación dos Equipos Docentes. Grao de definición e responsabilidades.
- Planificación das tarefas. Dotación e distribución de medios, espazos e tempos.
- Ambiente de traballo, participación e implicación, valorando o clima de consenso e a aplicación dos acordos. Relación e implicación dos Pais/Nais. Relación entre alumnos/alumnas e entre eles/elas e o profesorado.
- Avaluación do Proxecto Curricular e do Plan Xeral Anual: desenvolvemento da súa programación na aula; relación entre obxectivos, contidos e competencias clave; adecuación de obxectivos, contidos, medios e metodoloxía coas necesidades reais do noso alumnado.

16. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

*O Centro conta cun Plan de autoprotección, no que se designan os equipos de primeira intervención (EPI), os de primeiros auxilios(EPA) e os equipos de evacuación de Planta(EEP) para poñer en práctica a evacuación se fose menester e para prever posibles incidentes.

17. DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

Cremos que para que o PEC oriente eficazmente a acción educativa no noso Centro é imprescindible que sexa coñecido e entendido polos diferentes membros da comunidade escolar. Máis alá da discusión e revisión abertas permanentemente como procedementos de difusión que defendemos, usaremos tamén as seguintes formas de difusión do PEC:

- *Edición total do documento que recolle o **Proxecto Educativo do CEP Plurilingüe de Riomañor** para distribuílo e explicalo entre os membros da comunidade escolar representados no Consello Escolar.*

- *Edición parcial do mesmo para distribuílo entre as familias no momento da matrícula.*
- *Edición na web do Centro (www.edu.xunta.es/centros/cepriomaioir).*
- *Mantemento dunha comunicación constante entre o Equipo Directivo e a Xunta Directiva da ANPA.*
- *Promoción de debates no Claustro de Profesores sobre aspectos concretos do PEC relativos á problemática que supón a súa aplicación para, deste xeito, revisalo e melloralo continuamente.*
- *Dárllelo a coñecer aos representantes da Administración (educativa e municipal).*

18. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO:

As decisións que se toman no CEP de Riomaioir non poden considerarse como algo estático e definitivo xa que a educación escolar debe atender ás demandas dunha realidade social cambiante, debe contemplar a diversidade do alumnado, tanto nas súas características persoais como nos seus distintos ritmos e formas de aprendizaxe, e debe ofrecer respostas acordes cos novos coñecementos aportados polas ciencias da educación. Ante este conxunto de esixencias é imprescindible que as decisións que adoptamos sexan revisadas constantemente, co obxecto de comprobar ata que punto resultan capaces de responder de maneira positiva aos problemas que o ensino vai suscitando. Por iso o PEC ha ter un carácter dinámico e fundamentalmente funcional

Na súa avaliación, que terá unha finalidade formativa, utilizaremos dúas fórmulas:

- a) A través do deseño, aplicación e resultados obtidos nos diferentes Planos específicos que conforman o **Plan Xeral Anual** do Centro. Neles avaliaremos as accións que se desenvolven, a asignación de recursos para cada acción, a súa temporalización e organización. Estes instrumentos permiten o control formativo e a avaliación sumativa.*
- b) Mediante o control periódico e sistemático dalgúns elementos ou indicadores que se sinalaron como prioritarios e relevantes, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e discutidas posteriormente en sesións xerais e guiada por instrumentos “ad hoc” que respondan ás preguntas:*

-
- Que imos avaliar?, para que?, en que momentos? e quen vai intervir nestes procesos?
-

Este documento foi aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar o 10 de outubro de 2023

A directora

A Secretaria




Asdo: Mª Carmen Negro F. .




Asdo: Lara Rey Molina

ANEXOS

RUTA Nº 1 DO BUS



RUTA Nº 2



RUTA Nº 3 BUS

